

## LISTA DE ASISTENTES

Alonso Vega, María Flora  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
González Varela, Luis  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Pena Uris, Gloria M.  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Zas Varela, Mónica  
**DESCULPA ASISTENCIA**  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Mejuto Fernández, Juan Carlos

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 17 de marzo de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **17 de marzo de 2016** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2016.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidaturas.
4. Aprobar, se procede, declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o n<sup>o</sup> de postos a cubrir (art. 20 procedemento eleccións Claustro).
5. Aprobar, se procede, adoptar o acordo de dar instrucións ás presidencias das mesas sobre as urnas e o escrutinio.
6. Aprobar, se procede, delegar na secretaria da Comisión Electoral o nomeamento de interventores/as.
7. Aprobar, se procede, delegar na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas electas.
8. Outros asuntos de interese.
9. Rolda libre de intervencións.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2016.

Non se presentan alegacións á acta, polo que se aproba por unanimidade.

**Punto 2.** Informe do presidente.

O presidente da Comisión dá conta dun feito que ten que ver co proceso de eleccións á representantes do estudantado no Claustro e que é pouco habitual, polo que o quere informar da decisión tomada ao respecto, que considera que é a máis acaída. Os feitos son que Dna. M<sup>a</sup> del

Carmen Rodríguez Pato presentou a súa candidatura a representante dos estudantes da Facultade de CC. da Educación de Ourense, nome diferente ao que figura nos censos, xa que cando se matriculou no curso 2015/2016, chamábase M<sup>a</sup> del Carmen Rodríguez Barbosa. O número de DNI é o mesmo, pero non os apelidos. Isto é debido a que o día 16 de outubro de 2015 foi inscrita no Rexistro Civil e no libro de familia como M<sup>a</sup> del Carmen Rodríguez Pato, polo que presentou a súa candidatura con dito nome. Comenta que a alumna presentou na Secretaría Xeral a documentación que acredita o cambio de apelidos, polo que a súa candidatura como representante dos estudantes na Facultade de CC. da Educación foi admitida.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da resolución das reclamacións ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva de candidaturas.

Lembra o presidente que a Comisión Electoral delegara na Secretaría Xeral a proclamación provisional de candidaturas. E explica que na proclamación provisional de candidaturas, como se indica na documentación entregada aos membros da Comisión, excluíronse 3 por ter caducado o DNI e unha por presentala fóra de prazo. Transcorrido o prazo de reclamacións establecido no calendario electoral, compételle á Comisión Electoral facer pública a proclamación definitiva de candidaturas.

Comenta que das persoas que tiñan caducado o DNI, Dna M<sup>a</sup> del Pilar Silva Alonso, presentou o documento anovado no período de reclamacións, polo que se propón que sexa admitida a súa candidatura. As outras dúas persoas que non subsanaron esta deficiencia, proponse a exclusión das súas candidaturas.

A continuación, informa de que a persoa que presentou a documentación fóra de prazo, explicou por correo electrónico que alegaba que se equivocara, e pensou que o prazo de presentación de candidaturas remataba o día 3 en vez do día 2; solicita que se admita a súa candidatura, xa que non prexudica a ningún candidato ou candidata, xa que non sería necesario celebrar eleccións nese centro.

En calquera caso, indica o presidente, a normativa da Universidade e a Lei de procedemento administrativo son claras e establecen uns prazos que obrigan tanto ao persoal da Universidade, neste caso, como aos propios interesados, e deben ser respectados. Polo tanto, non procede admitir dita reclamación, xa que se informou de todos os prazos en tempo e forma e cumpríronse escrupulosamente todos os procedementos, polo que incumprilos produciría inseguridade xurídica, xa que aínda que no seu centro non afecte, calquera candidato ou calquera elector podería impugnar as eleccións.

Polo tanto, a proposta é admitir a persoa que subsanou os erros no prazo correspondente e non admitir as outras candidaturas, elevando a definitiva a lista de candidaturas que figura na documentación remitida pola Secretaría Xeral.

Dona Mónica Zas indica á secretaria da Comisión que hai un erro no nome dun dos candidatos excluídos, xa que figura como D. José Manuel Diéguez, cando o seu nome real é D. Miguel Diéguez Rodríguez.

Apróbase por asentimento con esa corrección.

**Punto 4.** Aprobar, se procede, declarar concluído o proceso electoral naquelas circunscricións nas que non se superou o nº de postos a cubrir (art. 20 procedemento eleccións Claustro).

O presidente informa de que foi enviada coa documentación unha relación das candidaturas presentadas en todos os centros e en cales é preciso realizar eleccións. Solicita que a secretaria da Comisión dea lectura daqueles centros nos que non é preciso realizar votación.

A secretaria dá lectura aos datos relativos a todos os centros da Universidade de Vigo, indicando o número de representantes do sector estudantes que lle corresponderían no Claustro, e cantas candidaturas se presentaron, para ter unha idea do grao de participación en cada un deles (**Anexo I**). Destaca o caso dos centros que tiñan candidatos pendentes da resolución de reclamacións que se levou a cabo hoxe, así como o da Facultade de Belas Artes, cuxo número de representantes foi redondeado á baixa na xuntanza anterior da Comisión.

Finalizada a relación, os membros da Comisión comentan os datos. O Sr. Federico Fernández comenta que segundo o seus cálculos hai un 30% de vacantes nos postos, o que confirma o presidente da Comisión. Engade o presidente que hai 6 centros nos que non se presentan candidaturas e sete centros nos que se presentan menor número de candidaturas que de postos que hai para cubrir. Formúlase a necesidade de reconsiderar a porcentaxe de representación no Claustro do sector estudantado.

Destaca a secretaria da Comisión unha consecuencia desta baixa participación, que é, como ben saben os alumnos presentes, a dificultade posterior de elección de representantes en Consello de Goberno e nas diferentes comisións. Isto fai que acaben participando sempre os mesmos representantes, coa carga de traballo e de tempo que supón para estes estudantes.

Ao fío deste comentario, o presidente da Comisión informa de que onte tivo unha xuntanza cos representantes do alumnado do Programa de Maiores, que solicitan a súa participación no proceso de elaboración de Estatutos, xa que queren acadar representación no Claustro como estudantes. Alegan que eles poderían completar esa representatividade que non se cubre na actualidade, ademais de que, pola súa formación profesional, podería asesorar aos estudantes nas súas reclamacións.

O Sr. Luis González Varela, como representante do estudantado na Comisión de Modificación de Estatutos, manifesta a súa opinión favorable e solicita do presidente que lle envíe esa solicitude por correo electrónico, xa que poderá dar traslado da mesma a Comisión.

Acorda o presidente o envío e comenta que neste momento o que eles demandan é poder dar a súa opinión en relación cos estatutos, e despois actuarase en consecuencia. Indica dona Mónica Zas que é certo que a Universidade está cambiando, e a representación no Claustro debe recoller eses cambios.

Pregunta o Sr. Federico Fernández como se faría esa participación na actualidade, si sería con voz e sen voto.

Responde a secretaria que, cando finalice a elaboración do borrador dos Estatutos abriase un período para o debate de toda a comunidade universitaria, para que se presenten alegacións e suxestións, polo que eles poderán participar nesa etapa, xa que forman parte da comunidade universitaria. A diferenza é que non teñen cada un deles unha dirección de correo electrónico da Uvigo, polo que hai que dirixir-lles a información a través da Agrupación, como colectivo. Esa é a maneira pola que agora se prevé a súa participación.

Aclara o presidente que non se trata de que agora queiran participar no Claustro actual, senón que queren estar presentes no proceso de discusión dos novos Estatutos. Engade que vai poñelos en contactos cos actuais representantes do alumnado.

O Sr. Luis González Varela expón que non lle parece mala idea a participación deste colectivo, e que o comentará na Comisión de Modificación de Estatutos e, xa que hai algún outro representante de dita Comisión que tamén está hoxe aquí, non cree que haxa problema.

De acordo co anterior, propónse que se declare concluído o proceso electoral nos centros relacionados no documento remitido pola Secretaría Xeral, nos que o número de candidaturas presentadas é inferior ao de representantes.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobar, se procede, adoptar o acordo de dar instrucións ás presidencias das mesas sobre as urnas e o escrutinio.

Comenta o presidente que en todos os procesos electorais, para evitar erros e problemas, achéganse ás presidencias das mesas unhas instrucións relativas á urnas e ao escrutinio que se envían xunto con toda a documentación das eleccións. Ditas instrucións son as mesmas que as de procesos electorais anteriores, se envían no nome da Comisión e foron achegadas coa presente convocatoria. sométense á consideración desta Comisión.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 6.** Aprobar, se procede, delegar na secretaria da Comisión Electoral o nomeamento de interventores/as.

Explica o presidente da Comisión que en todos os procesos electorais pódense propoñer interventores polos candidatos ou candidatas. O nomeamento de ditos interventores debe ser tamén aprobados pola Comisión Electoral. Coa finalidade de non ter que convocar unha reunión da Comisión, no caso de que algún candidato ou candidata solicite o nomeamento dun interventor ou interventora, solicítase que se delegue na secretaria da Comisión Electoral dito nomeamento, ao igual que xa se fixo noutros casos. Engade que se os propostos cumpren todos os requisitos, nomearase pola Secretaría Xeral e, por suposto, no caso de que existise algún problema ou situación de conflito, co nomeamento dun interventor, reuniríase a Comisión. Finaliza indicando que se enviará a lista de interventores unha vez finalice o prazo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobar, se procede, delegar na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas electas.

Seguindo o procedemento habitual, di o presidente, solicítase que se delegue na secretaria da Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas electas. No caso de que existan reclamacións, o que é raro, comenta, a Secretaría Xeral elaboraría unha proposta de resolución que se traería a esta Comisión para a súa aprobación. Con todo, remitirase copia de dita proclamación aos membros da Comisión Electoral.

Apróbase por asentimento a delegación na secretaria da Comisión Electoral.

**Punto 8.** Outros asuntos de interese.

Neste punto a secretaria da Comisión quere facer constar o seu agradecemento a dona Ángeles Carballo o seu esforzo en todos os procesos electorais, xa que é ela a que leva o peso da elaboración de censos, seguimento do calendario e propostas de resolución no caso de reclamacións.

Solúciónase un problema coa folla de sinaturas e o presidente aclara que é a secretaria da Comisión a que dá fe da presenza dos membros da Comisión de Ourense.

**Punto 9.** Rolda libre de intervencións.

Intervén o Sr, Federico Fernández, quen indica que xa que a composición das mesas electorais será a mesma que en procesos electorais anteriores, solicita que para o PAS que vai intervir nas mesas se teña en conta o tempo invertido nesa xornada e se lle conceda o día seguinte libre.

O presidente indica que, como é habitual, trasladarase á Vicexerencia de Recursos Humanos para que proceda á devolución do día. Engade a secretaria xeral que a solicitude estenderase tamén ao PDI que participe no proceso.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50 h do día 17 de marzo de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris